

DEBUXO ARTÍSTICO

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de dous cubos e un prisma de base cadrada. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocexos previos (no caderno), crear unha interpretación libre da seguinte obra de GIOTTO di BONDONE (1303-1306): *A matanza dos inocentes*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous prismas de igual tamaño e base rectangular e un cubo. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bocexos previos (no caderno), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“De camiño, chegamos a un lugar onde as montañas entre as que avanzabamos abríanse e formaban un val sen fin, inmenso, perfectamente chaira e moi fermoso; máis alá do val víase a montaña santa de Deus, o Sinaí”.

EGERIA (Nobre dama do século IV), *“Diario de viaxe”*

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5 p.; cuestión 2ª = 5 p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo de tres prismas de base cadrada. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bosquexos previos (no caderno), realizar unha interpretación libre da seguinte obra de MEMLING, Han (1475): *A Virxe, San Xoán e as Santas Mulleres*.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo onde interveñan dous prismas de distinto tamaño e base rectangular e un cubo. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na situación espacial dos obxectos, nos seus tamaños e nas relacións de claroscuro.

2.2. Con técnica libre e realizando, se cómpre, bosquexos previos (no caderno), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“...gozabamos contemplando en paz e en calma como o día chegaba ao seu fin, vertendo o seu resplandor vermello sobre a sinxeleza das cousas naquela aldea...”

“Cando o ceo se cubriu de estrelas, sentimos a inmensidade do silencio e a plenitude da presenza...”

GARCÍA FAJARDO, José Carlos (2000), *Marrakech, unha fuxida*. Barcelona: Anthropos, páx.94.

CONVOCATORIA DE XUÑO

No **primeiro exercicio** terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
- A capacidade de análise e síntese.
- A composición.
- O estudio do claroscuro.
- As relacións de proporcións entre os corpos.

A puntuación máxima será de **5** puntos.

No **segundo exercicio** a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar.
- O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
- A composición.
- A capacidade de representa-lo imaxinado.

A puntuación máxima será de **5** puntos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

No **primeiro exercicio** terase en conta os seguintes aspectos:

- A capacidade expresiva da técnica gráfica escollida.
- A capacidade de análise e síntese.
- A composición.
- O estudio do claroscuro.
- As relacións de proporcións entre os corpos.

A puntuación máxima será de **5** puntos.

No **segundo exercicio** a avaliación contemplará os seguintes aspectos:

- A capacidade creativa do alumno, tanto na comprensión como na expresión, mediante o debuxo das formas a representar.
- O coñecemento do material a empregar, a súa adecuación ó debuxo a realizar e a capacidade expresiva da técnica gráfica.
- A composición.
- A capacidade de representa-lo imaxinado.

A puntuación máxima será de **5** puntos.